



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO VINTE E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 21 de outubro de 2024, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Constantino Fernández Vila
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIROS/AS AUSENTES

María Josefa Álvarez Bugallo

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Expediente 2024/U026/000001. Solicitud de licenza para cubrir o patio anexo a panadería industrial na rúa Vereda núm. 6, A Trabe, Ponteceso

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE:	2024/U026/000001
ASUNTO:	Solicitud de licenza de “Cubrición de patio anexo a panadería industrial”.
SOLICITANTE:	XXXXXXXXXX NIF: ***1449**
INTERESADO:	XXXXXXXXXX NIF: ***0454**
LOCALIZACIÓN:	Rúa Vereda núm. 6, 15110 Ponteceso (A Coruña). Coordenadas UTM (ETRS89): huso 29, X: 508.570 m. Y: 4.787.720 m. Referencia catastral: 8778404 NH0887N 0001 KX

I.- ANTECEDENTES



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1. 10/01/2024 Comunicación previa de obras menores para cubrir o patio anexo á panadería industrial, coa seguinte documentación:

- Acreditación de representación a favor de XXXXXXXXXX.
- Proxecto sen visar de cubrición do patio anexo á panadería industrial, redacción do enxeñeiro técnico industrial José Ignacio Fuentes Blanco, colexiado n.º 1701 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña (COETICOR).
- Declaración responsable para proxectos e direccións de obra cando os documentos non leven visado.
- Consulta descritiva e gráfica de datos catastrais da parcela.

2. O 15/02/2024, o enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico municipal e o arquitecto Óscar Seoane Centeno, colexiado núm. 4680 do COAG, como servizo externo, informan que o expediente está incompleto e solicítaselle á persoa promotora que presente documentación complementaria xunto coas modificacións, as xustificacións ou as correccións necesaria para continuar coa tramitación do expediente.

3. 08/09/2023 Achéganse os Impresos xustificativos do abono das taxas por outorgar a licenza e a do ICIO:

- Outorgamento de licenza urbanística: (Oem x 0,20 %) = 32.216,15 € x 0,20 % = 64,43 €.
- ICIO: (Oem x 4,00 %) = 32.216,15 € x 4,00 % = 1.288,65 €.

4. O 07/06/2024, recibíuse a Resolución da Dirección Territorial da Coruña. Servizo de Coordinación Cultural. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Xunta de Galicia, na que resolve autorizar as obras.

5. O 01/07/2024, a persoa promotora achega a seguinte documentación complementaria:

- Impreso OB-002 de Licenza de Obras de Ampliación e Reestruturación.
- DNI da persoa intereada
- DNI da persoa representante
- Autorización de representación a favor do enxeñeiro técnico industrial José Ignacio Fuentes Blanco.
- Proxecto reformado sen visar de cubrición de patio anexo a panadería industrial; do enxeñeiro técnico industrial José Ignacio Fuentes Blanco, colexiado n.º 1701 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (COETICOR).
- Cuestionario estatístico de construción de edificios. Ministerio de Fomento.
- Nomeamento de dirección das obras
- Nomeamento do coordinación de seguridade e saúde
- Declaración responsable para proxectos e direccións de obras de instalacións suxeitas aos regulamentos de Seguridade Industrial cando os documentos non leven visado.
- Nomeamento do contratista
- Licenza municipal definitiva para Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas para a actividade de “Panadería”; autorizada pola Alcaldía do Concello de Ponteceso, segundo acordo de data 21 de marzo de 1985

6. O técnico municipal informou favorablemente as obras e a actividade o 28.09.2024.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

8 Consta no expediente o Informe xurídico de data 18.10.2024.

13 Consideracións legais e técnicas

- Ordenanza fiscal núm. 23, reguladora da taxa por outorgar licenzas urbanísticas e outros servizos urbanísticos (publicación definitiva no BOP núm.198, do 1610.2014)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Plan xeral de ordenación municipal, que aprobou definitivamente o Pleno na sesión do 9 de marzo de 2015 (publicación no DOG núm. 95, do 22 de maio de 2015, e no BOP núm. 99, do 28 de maio de 2015).

A competencia para resolver o expediente correspondédlle á Alcaldía, de conformidade co artigo 21.1 q) da Lei 7/85 e no artigo 61.1.o) da Lei 5/997, que delegou esta competencia na Xunta de Goberno Local na Resolución núm. 734/2023 do 08.09.2023

Por todo o anterior; propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Concederlle licenza a XXXXXXXXXX, con NIF***0454** para cubrir un patio anexo á panadería industrial e, simultaneamente, para ampliar a actividade industrial no inmovible que está situado na rúa Vereda núm. 6, Ponteceso, referencia catastral 8778404 NH0887N 0001 KX, segundo o proxecto para cubrir o patio anexo á panadería industrial que redactou o enxeñeiro técnico industrial José Ignacio Fuentes Blanco, colexiado n.º 1701 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña (COETICOR).

SEGUNDO.- Suxeitar a concesión da licenza de obras ás seguintes condicións:

a) Particulares, segundo o informe técnico:

- A construción e forma da cuberta será a establecida no artigo 3.2.4. para Cubertas en Solo Urbano.
- A propiedade a de averse o indicado no artigo 3.2.13.- Condicións de Integración e de adaptación ao ambiente en Solo Urbano do PXOM.
- A obra deberá axustarse ó disposto pola Dirección Territorial da Coruña. Servizo de Coordinación Cultural. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Xunta de Galicia, debendo cumprir coas consideracións legais e as condicións sinaladas na resolución do Expediente nº: 681/24. Sobre intervención que afecta a un ben do Patrimonio Cultural de Galicia.

“... ”

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolveu, con data 05.04.2024, non autorizar as obras solicitadas, debendo corrixir a documentación achegada de acordo co indicado no informe dos servizos técnicos, que entre outras cuestións indicaban que a zona a cubrir, que se dispoñía ao longo da fachada posterior da vivenda protexida, debería prescindir de dita cubrición, deixando libre de cuberta a totalidade de dito espazo.

A nova solicitude de autorización, enviada polo interesado, ten entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia con data 19.04.2024 (entrada 2024/1339883).

As obras que se pretenden executar veñen definidas nun proxecto redactado polo enxeñeiro técnico industrial José Ignacio Fuentes Blanco en abril de 2024.

2. Consta no expediente informe do arquitecto do Servizo de Patrimonio Cultural da Coruña, no que se sinala que: “ [...] O novo proxecto dá cumprimento ao indicado na



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, deixando sen cubrir a zona que se dispoñía ao longo da fachada posterior da vivenda protexida, prescindindo polo tanto de dita cubrición e deixando libre de cuberta a totalidade de dito espazo. En consecuencia, infórmase favorablemente o proxecto presentado”.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Actividades suxeitas a licenza urbanística ou comunicación previa urbanística, segundo sexa o réxime aplicable á obra, de conformidade coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia. No momento en que se teña por obxectivo a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade industrial distinta da solicitada, deberase achegar un Proxecto técnico de simultaneidade de obras de acondicionamento e de actividade redactado por técnico/a competente coa documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación final a implantar ou ampliar, co contido establecido na “Ordenanza Municipal Reguladora da Tramitación das Licenzas Urbanísticas e outras formas de Intervención Administrativa”, publicada no BOP nº 198 do 16 de outubro de 2014”.
- Terminadas as obras e instalacións, autorizadas nas correspondentes licenzas previas, o/a titular da licenza, no prazo máximo de quince días, porao en coñecemento do Concello de Ponteceso mediante o oportuno escrito de solicitude de licenza de primeira ocupación e de inicio de actividade, consonte aos modelos normalizados e o disposto pola normativa vixente; achegándose para elo a correspondente documentación preceptiva.
- Terase que aboar a taxa por primeira utilización ou ocupación dos edificios e instalacións en xeral prevista no artigo 2.2.u) da Ordenanza Fiscal nº 23, unha vez rematadas as construcións, instalacións e obras, a base impositiva a efectos da súa liquidación estará constituída polo custe final, efectivo e real das construcións, instalacións e obras que os suxeitos pasivos farán constar na declaración de deben presentar, de conformidade co previsto no artigo 8.6- da Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.
- O Promotor/Construtor terá que solicitar a autorización de ocupación de vía pública ante o Concello para a realización dos traballos; pola ocupación da zona de dominio publico con elementos auxiliares (contenedores, andamios, grúas ou calquera outro tipo de montaxe).
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre os técnicos municipais, o director das obras e a propiedade.

Ademais:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Para a instalación e sinalización dos contedores, guindastes, andamios, etc., compre a colaboración e coordinación co Coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello e coa policía local de cara a adecuada sinalización do ámbito e organización do tráfico, a fin de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.
- Por último, comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.
- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto, e de acordo co establecido no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro; de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado, non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- É necesario adoptar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de seguridade e saúde. As obras adaptaranse ao disposto no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción; quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

Para os efectos de cumprir coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das taxas polo outorgamento da licenza e do ICIO, o orzamento de execución material (OEM) que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que se corresponde coa obra a executar, ascende a 28.060,12 €. As liquidacións xa realizadas son:

- Taxas municipais (OEM × 0,20 %): $28.060,12 \text{ €} \times 0,20 \% = 64,43 \text{ €}$.
- ICIO (OEM × 4,00 %): $28.060,12 \text{ €} \times 4,00 \% = 1.288,65 \text{ €}$.

Lémbrese que a administración municipal poderá supervisar os traballos, a fin de comprobar a realidade do alcance dos mesmos.

b) Condicións xenéricas:

- a) Lémbrese a necesidade de levar a cabo un axeitado tratamento dos residuos xerados polos mesmos.
- b) Comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde.
- c) A licenza de obras outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade, os dereitos de terceiros e o que sexa competencia doutros organismos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

- d) Antes do comezo dos traballos deberá nomear director de execución da obra e coordinador de seguridade e saúde, debidamente visados polo colexio profesional correspondente, e comunícalo ao concello.
- e) As obras axustaranse á documentación presentada e no curso da súa execución adoptaranse as medidas previstas na lexislación en materia de seguridade e saúde no traballo.
- f) Previo ao comezo das obras levantarase a acta de reformulo polos técnicos municipais.
- g) O solicitante deberá poñerse en contacto cos titulares dos servizos urbanos que poidan resultar afectados para localizalos e evitar posibles roturas ou accidentes.
- h) Os servizos correspondentes ás conexións ás redes municipais de saneamento, auga potable e rede eléctrica, serán pola conta do promotor, e tamén serán á súa conta os gastos que poida ocasionar pola execución das obras nos pavimentos dos viais e beirarrúas públicas.
- i) Comunicarase á Policía Local antes do inicio, e coa antelación suficiente, dos posibles cortes de tráfico e tomaranse todas as medidas de protección necesarias para asegurar aos viandantes e vehículos coa correspondente sinalización, e cumpriranse as súas instrucións.
- k) Deberase dar cumprimento ao Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- l) Tomaranse todas as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e vehículos e dar cumprimento ao Real decreto 604/2006, do 19 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, e o Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. BOE nº 127, de 29 de maio.
- m) O prazo para o inicio das obras non poderá exceder dos seis meses e o de remate dos tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non se poderán interromper as obras por tempo superior a seis meses.
- n) Nas obras maiores será indispensable a colocación dun cartel indicador no que faga constar: Número de expediente, data do acordo da concesión da licenza, nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, prazo de execución das obras e o número de plantas autorizadas.
- ñ) Ao remate das obras deberá presentar no concello o certificado final de obra expedido polo director de obra.

TERCEIRO.- Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outórgase cos seguintes extremos:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: **Solo Urbano SU-2 (rueiro con patio)**, regulado na ordenanza específica disposta no artigo 6.2.2 do PXOM.

- a) Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Cubrición dun patio anexo a panadería industrial” e, simultaneamente, ampliación da actividade industrial, na Rúa Vereda n.º 6, 15110 Ponteceso (A Coruña), Referencia catastral: 8778404 NH0887N 0001 KX
- b) Orzamento de execución material: 32.216,15 €
- c) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito: Rúa Vereda núm. 6, 15110 Ponteceso (A Coruña), coordenadas UTM (ETRS89): huso 29, X: 508.570 m. Y: 4.787.720 m, referencia catastral: 8778404 NH0887N 0001 KX

- d) Nome ou razón social da persoa promotora: XXXXXXXXXXXX con NIF ***0454**
- e) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde:
- Coordinador de Seguridade e Saúde: o arquitecto técnico José Manuel Vázquez Martínez, colexiado COATAC núm. 2084.
 - Diretor de obra de instalacións suxeitas aos regulamentos de Seguridade Industrial cando os documentos non leven visado: o enxeñeiro técnico industrial José Ignacio Fuentes Blanco, colexiado núm. 1701 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de A Coruña (COETICOR).
- f) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

Prazo para o inicio da obra: 6 meses.

Prazo para a terminación da obra: 36 meses.

Documento asinado electrónicamente ao marxe/ O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez”

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a proposta por unanimidade de votos a favor.

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 11:30 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.